c) Na cláusula 6.2 apartado 3 deberá incluírse que calquera incumprimento deste uso, suporá a inmediata rescisión do contrato.
d) Dito aparcadoiro municipal, en ningunha circunstancia poderá ter a finalidade de obter rendementos económicos por parte do arrendatario.
e) A finca conta cun muro de formigón e adobe de 16,20 metros na fachada norte. En ningún caso poderá ser retirado ou modificado, e no caso de que sufrida algún dano, sería emendado polo arrendatario.
f) Deberá incluírse no contrato a subida económica do IPC anual.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Código Civil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *"1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens."*

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considera necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Continúa dicindo o citado artigo que as propostas de arrendamento, así como as de novación e prórroga, serán sometidas a informe técnico, que recollerá o correspondente estudo de mercado, e da Avogacía do Estado ou do órgano ó que corresponda o

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

asesoramento xurídico das entidades vinculadas á Administración Xeral do Estado. No caso de arrendamentos a concertar pola Administración Xeral do Estado, a solicitude do Ministerio virá acompañada da oferta do arrendador e do informe técnico previsto no apartado anterior. A formalización dos contratos de arrendamento da Administración Xeral do Estado e as súas modificacións efectuarase polo Director Xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue. Non obstante, o Ministerio de Facenda, ó acordar o arrendamento, ou a súa novación, poderá encomendar a formalización destes contratos ós subsecretarios dos departamentos ministeriais.

No caso que nos ocupa, trátase da modificación de diversas cláusulas do acordo de aluguer referidas anteriormente e solicitadas por un dos arrendadores, sen que se aprecie ningún inconveniente desde o punto de vista legal ou xurídico.

SEGUNDO.- O órgano competente para acordar a modificación instada por D. Manuel Joaquín Brión Gago, é a Xunta de Goberno Local como órgano que acordou o arrendamento do inmoble da súa propiedade, ó ter delegada esta competencia en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Por elo, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Modificar as cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 6ª, do acordo de arrendamento do inmoble coa referencia catastral *15074A036014280000KE*, propiedade de D. Manuel Joaquín Brión Gago, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 22/10/2026, que quedarían tal e como se indica a continuación:

2ª NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

A necesidade que pretende cubrirse co contrato ven determinada nos informes que forman parte do expediente administrativo, polo que o arrendamento ten como fin destinalo referido inmoble a aparcadoiro municipal.

Dito aparcadoiro municipal, en ningunha circunstancia poderá ter a finalidade de obter rendementos económicos por parte do arrendatario.

3ª PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato é de 2 anos, a contar desde a data 23/10/2026.

Transcorrido o prazo de dous anos o contrato quedará automaticamente extinguido sen necesidade de comunicación previa á parte arrendadora, agás prórroga expresa e por escrito de ambas partes que deberá realizarse cun mes de antelación á data de finalización do arrendamento. A estes efectos, o contrato poderá prorrogarse por prazos de 1 ano cada prórroga, e ata o prazo máximo de 4 anos, en total.

Á finalización do contrato, a parcela deberá quedar nas mesmas condicións nas que se atopaba antes do arrendamento.

5ª PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 3.050,36 euros anuais, IVE incluído, que se abonará ó/á arrendador/a a ano vencido, mediante transferencia bancaria da referida cantidade á conta bancaria designada polo arrendador.

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do mes seguinte ó remate do ano que corresponda.

Na súa factura electrónica deberá indicar os seguintes campos:

Oficina contable: L01150737

Órgano xestor: L01150737

Unidade tramitadora: L01150737

Referencia do contrato: (*) 2026/PATR000015

(*) No programa de Facturación Electrónica subministrado polo Ministerio de Facenda e Administracións Publicas (Factura e) este campo denomínase "Ref. Receptor" e encóntrase dentro do apartado "Datos de Pago"

O prezo pactado neste contrato revisarase na data de aniversario da firma do contrato, de forma que o prezo anual actualizarase aplicando sobre o prezo vixente nese momento a variación porcentual do indice de Prezos de Cosumo (IPC) xeral publicado polo Instituto Nacional de Estadística (INE), tomando como referencia o mes no que se cumpre cada ano do contrato.

6ª DEREITOS E OBRIGAS

6.1. Do/a arrendador/a.

O/a arrendador/a ten dereito a percibir o importe do arrendamento do inmoble.

O/a arrendador/a terá a obriga de manter a vixencia do contrato polo prazo estipulado de 2 anos, prorrogables por prazos de 1 ano, e ata o prazo máximo de 4 anos, sen que poida, pola súa única vontade e sen causa legal xustificada, proceder á rescisión do contrato con anterioridade ó referido prazo, sen prexuízo do disposto na cláusula 8ª en relación á resolución do contrato.

O/a arrendador/a terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.554 do Código Civil:

- *A entregar á parte arrendataria a cousa obxecto do contrato.*
- *A facer nela durante o arrendamento todas as reparacións necesarias a fin de conservala en estado de servir para o uso ó que se destina.*
- *A manter ó arrendatario no goce pacífico do arrendamento por todo o tempo do contrato.*

6.2. Do/a arrendatario/a.

O/a arrendatario/a deberá abonar o prezo do arrendamento nos termos convidos.

O/a arrendatario/a asumirá tamén a realización e o custo da adaptación do inmoble para o uso ó que se destina.

O Concello, como arrendatario, utilizará o inmoble, única e exclusivamente, para destinalo ao uso público de aparcadoiro municipal, mantendo o inmoble en perfectas condicións. Calquera incumprimento deste uso, suporá a inmediata rescisión do contrato.

En ningún caso poderá ser retirado ou modificado o muro de formigón e adobe de 16,20 metros existente na fachada norte da finca arrendada. No caso de que sufrira algún dano, sería emendado polo arrendatario.

O arrendatario non poderá subarrendar, total nin parcialmente o inmoble nin ceder o contrato, sen expreso consentimento por escrito da parte arrendadora. Aínda en tales casos, o arrendatario será responsable do cumprimento da presentes condicións polo subarrendatario, incluso do pago do prezo do contrato.

O/a arrendatario terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.555 do Código Civil.

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldesa para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as.

18.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – CELEBRACIÓN DA CAMPAÑA DE NADAL 2025-2026 (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 26/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración da Campaña de Nadal 2025-2026.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/10/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

O libramento dos **5.000,00 €** que o Concello ten que abonar á Asociación de Empresarios de Ribeira ao ter realizado a xustificación total. O coeficiente de financiamento da actividade queda fixado nesa cantidade, dado que unha achega superior provocaría un superávit no financiamento da actividade.

A cláusula terceira do convenio recolle o seguinte: O importe da subvención concedida en ningún caso poderá representar máis do 80% do custo das actividades. No caso de que a conta xustificativa presentada non cumprise o requisito anterior o Concello concederalle un prazo de 10 días para que proceda á emenda, e de non producirse a achega outorgada experimentará unha redución proporcional. Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do importe concedido, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

19.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA A EMPRESA CULTURINVEST S.L. PARA REALIZAR UNHA EXPOSICIÓN INTERACTIVA SOBRE A HISTORIA DOS DINOSAUROS

LOGO DE VER que D. Luis Vila López, con DNI: ***880***, en representación da empresa "Culturinvest S.L.", presenta escrito de data 22-10-2026, con número de rexistro de entrada municipal 26061, solicitando:

"O USO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL A FIEITEIRA OU COMO ALTERNATIVA O TORRES COLOMER, OS DÍAS 31 DE OUTUBRO E 1 DE NOVEMBRO DE 2026 (AO LONGO DE TODA A XORNADA) PARA A REALIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN INTERACTIVA SOBRE A HISTORIA DOS DINOSAUROS. O HORARIO DA ACTIVIDADE É SÁBADO DE 17.00 H. A 20.00 H. E DOMINGO DE 11.00 H. A 14.00H. E DE 17.00 H. A

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

20.00H.. TAMÉN SE SOLICITA A REDUCIÓN DE TAXAS APORTANDO 100 ENTRADAS GRATUÍTAS PARA QUE O CONCELLO AS REPARTA ENTRE COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN (COMO SE FIXO NO ANO 2023)"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), establece:

- No artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado E- di:
  "Utilización de polideportivos para espectáculos ou actos extradeportivos" terá unha tarifa de 860,20 €/ día; 430,10 €/ media xornada (mañá ou tarde).
- No artigo 7- Exencións e bonificacións, di o seguinte:
  "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
- No artigo 8 "Gastos de persoal descontinuo"
  Os gastos do persoal de servizo descontinuo (taquilleiros, porteiros, acomodadores, vixiantes, electricistas, etc.) correrán por conta dos organizadores do acto. As necesidades de tal tipo de persoal serán fixadas a xuízo da Oficina Municipal de Deportes, tendo en conta a categoría de actividades a desenrolar.
- No artigo 11.- Declaración e pago.
  "1.-As instancias nas que se farán constar os días e horas nas que se desexe efectuar a utilización das instalacións, e demais circunstancias que desexen expoñer, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello. Corresponderá á Oficina Municipal de Deportes informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución. Ao devandito informe acompañarase a liquidación correspondente ó outorgamento da licenza, procedéndose pola Intervención á censura oportuna."
- No artigo 13.- Liquidación e recadación.
  "1.- O aboamento das liquidacións correspondentes ás utilizacións de carácter non periódico deberá realizarse na Tesourería Municipal cunha antelación mínima de 48 horas á celebración do evento."

O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

As condicións de uso e desenvolvemento das actividades estarán suxeitas ás regras xerais da responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso , esta entidade subscribirá unha poliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

E DE VER o informe-proposta do técnico de Deportes municipal de data 26/10/2026, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 28/10/2026, favorables á mesma con condicionantes.

No informe do técnico de deportes arguméntase unha posible redución da taxa amparada no artigo 7, **"Exencións e bonificacións"** da ordenanza "**B.1.9. ORDENANZA FICAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS"** explicada polo **interese social/ cultural da actividade e a cesión feita por parte da empresa**

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

que realiza o evento, de 100 entradas (cada entrada ten de media un custe de 9€ de venta ao público) para repartir entre grupos en risco de exclusión do concello de Ribeira.

O departamento de tesourería, argumenta que no é aplicable bonificación algunha debido a que o suposto que nos ocupa, segundo o seu criterio, non encaixa en ningún dos preceptos que a ordenanza "**B.1.9. ORDENANZA FICAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS",** reflicte no seu artigo 7, **"Exencións e bonificacións".**

De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; esta Alcaldía-Presidencia en exercicio das atribucións que lle confiren o artigo 21.1 c) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Se procede, sexa autorizada a cesión do polideportivo A Fieiteira, á empresa CULTURINVEST S.L., nos días e horarios solicitados, **Sábado 31 de outubro** e **domingo 01 de novembro** (ambos días ao longo de toda a xornada) cos seguintes condicionantes:

1º) Deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **1.720,40 euros, (**860,20 € x 2 xornadas completas) con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de basura de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.

3º) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:
1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (**1.720,40 € + 77,74 €**).
2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
3 – Copia do recibo do pago desa póliza.
4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

- De no achegar a documentación indicada, non poderá acceder ás instalacións.

Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

20.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 26/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

CSV: 07EA001D7E7A0024P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

"Atendendo a solicitude, presentada por Manuela Ayaso Domínguez, sede electrónica núm. 2026 9569 de data 23 de abril de 2026, en nome da asociación Grupo de Baile e Música Tradicional Tahúme interesando celebrar ó XIII Serán de Tahúme o día 14 de novembro de 2026, para o que precisa dispor do Espazo Municipal de Usos Múltiples (carpa) os días 13, 14 e 15 de novembro de 2026.

Engádese Escaleta do desenvolvemento da programación do sábado 14 de novembro, e se terá en consideración os días previo/posterior, 13 e 15 de novembro, destinados á montaxe/retirada de escenario, stands e outros.

Considerando que:

a) O evento é organizado por unha entidade sen ánimo de de Ribeira e que carece de ánimo de lucro.
b) Trátase dunha proposta cultural consolidada e estable chegando nesta ocasión a súa XIII edición.
c) Contribúe a manter vivos os seráns creando un punto de encontro festivo no que compartir o baile e música tradicional.
d) Promove a participación interxeneracional asegurando a continuidade e transmisión dos cantares, bailes, así como da indumentaria, os ritos e costumes da tradición galega.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

1. *Espazos públicos: Espazo Municipal de Usos Múltiples de Ribeira.*
   Desde o 13 ao 15 de novembro de 2026, na seguinte disposición 13 e 15 de novembro para preparativos, montaxe e retirada; Día 14 de novembro de 2026 a celebración da programación.

Conclúe:

Apoiar esta actividade cultural poñendo a súa disposición:

2. *Instalacións municipais: Espazo Municipal de Usos Múltiples, instalada na rúa Canarias/Galicia de Ribeira.*
   Disponibilidade: 13 ao 15 de novembro de 2026."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar á asociación Grupo de Baile e Música Tradicional Tahume, e en precario, o Uso Temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa) para realizar o *XIII Serán de Tahúme* ó 14 de novembro de 2026 dispoñendo desta instalación o día anterior e posterior para montaxes, preparativos e desmontaxe/desaloxo.
- Na difusión e publicidade que proceda deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- **Notificar o acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

"CONDICIÓNS DE USO"

1 As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respeto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei*

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desarrollo dos espectáculos públicos e actividades recreativas* «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

2 A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.

3 En ningún caso poderá destinarse a fins distinto do autorizado.

4 Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.

5 Comprométese o solicitante a cumprir e facer cumprir as Medidas de Seguridade (na montaxe de estruturas escénicas, escenarios, equipos de son, iluminación etc..) Medidas de Prevención de Incendios (entre as que está "Prohibido fumar").

6 Facilitaráse á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche desta instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o periodo antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e se absterá de realizar reproduccións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.

7 Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante.

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha <u>Declaración de Responsabilidade</u> que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento culturaefestexos@ribeira.gal.**

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Virginia Ramos Abal (CABAÑA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Virginia Ramos Abal** en representación establecemento **"A Cabaña Brasería"** (Ribeira), de data 26/10/2026, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro "A Cabaña Brasería" (Ribeira), o día 01/11/2026, en horario de 23:30 h. a 01:30 h., co motivo da celebración do Halloween.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Alejandro Hermo Sánchez (CASA HERMO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Alejandro Hermo Sánchez** en representación establecemento **"Casa Hermo, S.L."** (Oleiros), de data 26/10/2026, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro "**Casa Hermo, S.L."** (Oleiros), os días 30/10/2026, 31/10/2026, 06/11/2026, 07/11/2026, 08/11/2026, 13/11/2026, 15/11/2026, 20/11/2026, 21/11/2026, 22/11/2026, 27/11/2026, 28/11/2026, 29/11/2026, 04/12/2026, 05/12/2026, 04/12/2026, 05/12/2026, 06/12/2026, 08/12/2026, 11/12/2026, 12/12/2026, 13/12/2026, 18/12/2026, 19/12/2026, 20/12/2026, 26/12/2026 e 27/12/2026. O día 14/11/2026 será en horario de 18:00 h. a 22:30 h. Os días restantes serán en diferentes horarios ata a hora de peche.

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

23.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO - BNG

Queda sobre a mesa o escrito presentado por Rafael Pazos Rodríguez, en representación do partido político **BNG**, de data 24/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.289), no que solicita autorización para a ocupación temporal da Praza do Concello (Ribeira), o día 06/11/2026, en horario de 18:00 h. a 23:45 h., co motivo da celebración do seu tradicional Magosto. Así mesmo solicita a habilitación dun punto de conexión eléctrica e a cesión temporal dos xogos tradicionais dos que dispón o Concello.

24.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO EN CUDIEIROS, RIBEIRA (A CORUÑA)"

VISTA a providencia da Alcaldía, de data 27/10/2026, relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e Augas de Galicia para a execución da actuación "Ampliación da rede de abastecemento en Cudieiros, Ribeira (A Coruña)".

VISTO o informe emitido ao respecto polo Secretario Xeral da corporación, Juan manuel Salguero del Valle, de data 27/10/2026.

VISTO que a finalidade do devandito convenio consiste na execución da actuación "Ampliación da rede de abastecemento en Cudieiros, Ribeira (A Coruña)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, **acorda**:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e Augas de Galicia para a execución da actuación "Ampliación da rede de abastecemento en Cudieiros, Ribeira (A Coruña)".

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento **"Café Bar O da Rubia"** (Ribeira), de data 28/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.587), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro "Café Bar O da Rubia" (Ribeira), o día 31/10/2026, en horario de 20:30 h. a 02:00 h.

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

26.- VAO PERMANENTE (BAIXA) – María Ángeles Docampo Paradelo

Visto o escrito presentado por **María Ángeles Docampo Paradelo**, de data 26/09/2025 (Rexistro de entrada nº 23.373), no que solicita a baixa da reserva de vao permanente (Nº 13/80) para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Avenida Miguel Rodríguez Bautista, nº 28 (Ribeira), sendo a entrada ao garaxe pola Rúa Cordieiro, nº 28 (Ribeira).

Visto o informe emitido ao respecto polo Vixiante Urbanístico, Borja Martínez Muñiz, de data 14/11/2026.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Conceder** a **María Ángeles Docampo Paradelo** a baixa da reserva de vao permanente (Nº 13/80) para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Avenida Miguel Rodríguez Bautista, nº 28 (Ribeira), sendo a entrada ao garaxe pola Rúa Cordieiro, nº 28 (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

27.- CESIÓN DE USO E REORGANIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS A FAVOR DA "ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E PRESTADORA DE SERVIZOS Á MOCIDADE DE CARREIRA" E DESAFECTACIÓN DE USO NA EEI A CAPELA PARA COMEDOR ESCOLAR. I.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

I
ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data 24 de marzo de 2026 (rexistro de entrada de 6861) a "Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira" presentou solicitude formal ante este Concello manifestando o seu expresa renuncia ao uso do espazo municipal que viña ocupando na parte superior da Escola de Educación Infantil (EEI) A Capela.

Segundo. Devandita renuncia fundaméntase nunha mostra de colaboración institucional por parte da asociación, ao obxecto de facilitar que o citado espazo educativo poida ser acondicionado por este Concello para a posta en funcionamento dun servizo de comedor escolar, necesidade demandada pola comunidade educativa do centro.

Terceiro. Como contrapartida para garantir a continuidade das súas actividades de dinamización social, cultural e formativa na parroquia, a asociación solicita a cesión de uso de novos espazos alternativos situados na Casa dá Cultura de Carreira, concretamente:

1. O uso do espazo anexo independente (con acceso e peche propio) para funcionamento interno, custodia de arquivos e almacén.
2. O uso do soto para almacenamento de material, previa análise e valoración das melloras necesarias no pavimento (actualmente de terra).
3. O acondicionamento da sala pequena mediante a dotación de módulos de almacenamento de gran capacidade con peche para as asociacións usuarias.

II

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Competencia.

De conformidade co disposto no artigo 21.1.s) en relación co artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), así como a normativa autonómica aplicable (Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia), a competencia para a xestión, adquisición e alleamento do patrimonio, así como a cesión de uso de bens de propiedade municipal, corresponde á **Alcaldía**, **competencia que se atopa delegada na Xunta de Gobierno Local en virtude do Decreto de de data 20 de outubro de 2026**

Segundo. Réxime Xurídico dos Bens.

Os artigos 74 e seguintes da LRBRL, e o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, establecen o réxime de utilización dos bens das entidades locais, permitindo a cesión de uso de bens patrimoniais ou demaniais de forma precaria ou mediante concesión/autorización para fins de utilidade pública ou interese social, requisitos que cumpre a asociación solicitante ao estar declarada de interese municipal e prestar servizos á mocidade e veciñanza.

Terceiro. Interese Público.

O artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o principio de eficacia da actividade administrativa xustifican a dobre finalidade do expediente: dotar dun comedor escolar á EEI A Capela e asegurar a continuidade do tecido asociativo local a través da optimización dos espazos da Casa dá Cultura.

III

ACORDO

Visto informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero de Valle, **A XUNTA DE GOBIERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aceptar a renuncia formulada pola "Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira" respecto ao uso do espazo situado na parte superior da Escola de Educación Infantil A Capela, procedendo á reversión do devandito espazo á xestión directa municipal para o seu destino exclusivo como comedor escolar do centro.

SEGUNDO. Autorizar a cesión de uso a favor da citada asociación dos seguintes espazos situados na Casa dá Cultura de Carreira:

a) O espazo anexo independente con acceso propio, para as tarefas de xestión interna, arquivo e almacén da entidade.
b) O dereito de uso do soto da Casa dá Cultura como almacén xeral de materiais.

TERCEIRO. Condicionar a eficacia da cesión do soto á previa valoración e execución, por parte dos servizos técnicos municipais, das obras de acondicionamento necesarias no pavimento para garantir a salubridade e conservación dos bens depositados.

CUARTO. Aprobar a dotación e instalación na sala pequena da Casa dá Cultura de módulos ou armarios de almacenamento de gran capacidade con peche de seguridade, destinados ao uso compartido e custodia de materiais das asociacións usuarias do centro, a cargo da

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

partida orzamentaria que corresponda.

QUINTO. Establecer que a cesión o será en cesión en precario" (revogable en calquera momento polo Concello se xorden necesidades públicas), mantendo o carácter gratuíto da cesión en atención ao interese social da entidade, e formalizar o correspondente documento administrativo de ocupación onde se estipulen as obrigacións de mantemento e conservación.

SEXTO. Notificar o presente acordo á asociación interesada, á dirección da EEI A Capela e aos departamentos municipais de Urbanismo, Cultura e Patrimonio, así como de Intervención Municipal para os efectos oportunos.

SÉTIMO:-Facultar á Sra. Alcaldesa-presidenta tan amplamente como en dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

28.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS - NEREA PAZOS JANEIRO

SOLICITANTE: NEREA PAZOS JANEIRO. DNI: ***134***
EMPRESA: FABRICAMOS TU COMUNICACIÓN (data de entrada no Viveiro de Empresas 01/11/2024)

Vista a solicitude presentada por Nerea Pazos Janeiro, que tivo entrada no Concello de Ribeira o 16/10/2026, con número de entrada 202625611, no que **EXPÓN** "*Llevo dos años haciendo uso, en régimen de alquiler, de las instalaciones del vivero de empresas, ocupando el despacho número 9.*
Que, ante la próxima finalización del contrato vigente, y dado que el proyecto empresarial que desarrollo se encuentra en una fase de consolidación, considero necesario mantener el uso del espacio para garantizar la continuidad de la actividad, afianzar el negocio y favorecer su crecimiento y desarrollo.
Asimismo, teniendo en cuenta la posible disponibilidad de espacios en el vivero de empresas, solicito que se valore favorablemente la posibilidad de prorrogar mi estancia en las instalaciones." E no que **SOLICITA** *"Que se me conceda una prórroga del contrato de alquiler del despacho número 9 por un período adicional de un año, con el fin de continuar desarrollando y consolidando mi proyecto empresarial."*

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data do 24/10/2024 no que se acorda *"Primeiro.- Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a Nerea Pazos Janeiro, para poder levar a cabo a actividade da súa empresa "FABRICAMOS TU COMUNICACIÓN", durante un período de 2 anos a contar dende a data que recolla o contrato de cesión.".*

Visto o contrato asinado con Nerea Pazos Janeiro de data 29/10/2024 no que se recolle na estipulación terceira que *"A duración do presente contrato de cesión establécese por un período de 2 anos a contar desde o día 01/11/2024".*

Visto o Informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira de data 28/10/2026, no que informa que *"**Primeiro.-** Que o punto 1 do artigo 11.- "Duración do contrato", da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: "1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis*

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43

no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo." ***Segundo.-*** *que neste momento hai despachos vacantes no Viveiro de Empresas, polo cal se lle podería prorrogar o contrato de cesión do despacho* nº 9 a Nerea Pazos Janeiro por un prazo de 12 meses a contar dende o 01/11/2026."

Vista a proposta de resolución emitida pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego, Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 28/10/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á Nerea Pazos Janeiro, por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de novembro de 2026. A cesión do espazo remataría o 31/10/2027.

29.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Cazador Serafín

Visto o escrito presentado por **Manuel Cazador Serafín**, de data 29/10/2025 (Rexistro de entrada nº 26.735), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Castañas), o día 01/11/2026, no exterior do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Autorizar** a **Manuel Cazador Serafín** para a instalación dun posto de venda ambulante (Castañas), o día 01/11/2026, no exterior do Cemiterio Municipal de Palmeira.
b) Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

CSV: 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D7E7A00Z4P1T0L0C7Q1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 29/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 29/10/2026 14:43:14

DOCUMENTO: 20261932922
Fecha: 29/10/2026
Hora: 14:43